


COIDANDO DAS COLECCIÓN PATRIMONIAIS DURANTE A COVID-19





As institucións que custodian o patrimonio cultural enfróntanse a grandes retos namentres o mundo loita coa Covid-19. As coleccións non están directamente en risco, pero a pandemia complica o seu coidado. Dende a conferencia en liña realizada pola *Ontario Museum Association*, Irene Karsten comparte información e recomendacións recompiladas do Canadian Conservation Institute para axudar aos responsables das coleccións.

No museo Etnolóxico limos as recomendacións e volas presentamos con algúns exemplos da propia institución. Debido ás circunstancias actuais, esta información pode mudar e que ten que estar constantemente actualizada.

https://www.youtube.com/watch?v=AULQR_cyoKQ&t=1s&fbclid=IwAR16D7G3DNg10Has7pBHCT8gsehadTQaYHcrkInnA691pr2idv3L2K_DT-E

COIDANDO DAS COLECCIÓNS PATRIMONIAIS DURANTE A COVID-19

Cap. 1. Contaminación dos materiais da colección.



1. Pode a Covid-19 ser transmitida a través de obxectos da colección ou polas superficies das institucións culturais?
2. Canto tempo persiste a Covid-19. nas superficies?
3. Canto tempo persiste o coronavirus no ambiente?
4. As coleccións e os bens culturais deberían ser desinfectadas debido á Covid-19?
5. Os desinfectantes de mans poderían ser usados por persoas que manipulan bens patrimoniais?

Cap. 2. Desinfección de coleccións e de instalacións culturais.

6. Unha persoa infectada con Covid-19 estivo traballando no noso espazo. Que debemos facer?
7. Que desinfectantes son apropiados para as superficies non patrimoniais nas instalacións e nos interiores das institucións culturais? Parte I.
8. Poden os espazos de traballo desinfectarse de maneira segura?
9. Que desinfectantes son apropiados para as superficies non patrimoniais nas instalacións e nos interiores das institucións culturais? Parte II.
10. Que desinfectantes son apropiados para as superficies non patrimoniais nas instalacións e nos interiores das institucións culturais? Parte III.
11. Deberíanse retirar os obxectos patrimoniais, como obras de arte, bens arqueolóxicos, etnográficos ou documentos, das salas que necesitan ser desinfectadas?

Cap. 3. Facéndolle fronte ao peche e á apertura

12. Como podemos asegurar que as coleccións permanecen seguras cando a institución está pechada indefinidamente con pouco ou ningún persoal técnico no seu posto? Parte I. [Seguridade]
13. Como podemos asegurar que as coleccións permanecen seguras cando a institución está pechada indefinidamente con pouco ou ningún persoal técnico no seu posto? Parte II. [Iluminación e condicións medioambientais]
14. Como podemos asegurar que as coleccións permanecen seguras cando a institución está pechada indefinidamente con pouco ou ningún persoal técnico no seu posto?. [Pragas]

15. Que fariamos se a nosa institución sofre outro tipo de emerxencia, como lume ou inundación, que poida danar a colección namentres estamos pechados?
16. Necesitamos limpar e desinfectar o edificio cando se produza a apertura?
17. Cal é o protocolo apropiado para recibir as pezas que entran cando se reabre?
18. Cando teña lugar a apertura deberíamos cambiar a forma en cómo tratamos os obxectos e documentos da colección que son manexados a miúdo por investigadores ou polo persoal?

CONTAMINACIÓN DOS MATERIAIS DA COLECCIÓN

1. Pode a Covid-19 ser transmitida a través de obxectos da colección ou polas superficies das institucións culturais?

De acordo coa OMS, as persoas poden infectarse polo contacto con obxectos ou superficies contaminadas co virus e logo de tocarse os ollos, o nariz ou a boca. Igualmente, se unha persoa infectada toca ou tose sobre un obxecto patrimonial, este pode quedar contaminado co virus.

Porén, os bens culturais non se manipulan con frecuencia, e o virus podería desactivarse de maneira natural, polo tanto, a oportunidade de transmisión é realmente baixa. Non obstante, o risco é maior para as persoas que traballan dentro dos edificios patrimoniais e usan os seus equipamentos.



Exposición “*Seguindo o fio*”. As pezas da colección están dentro de vitrinas. De estar contaminadas polo virus, o que é altamente improbable posto que o centro leva pechado dende o pasado 14 de marzo, o risco de contaxio é moi baixo. Do mesmo xeito, persoas infectadas non poden tocar os bens

Taller de restauración: os espazos de traballo compartidos son susceptibles de transmitir o virus. Será preciso planificar medidas de seguridade no traballo.

Esto é extrapolable aos traballos dos técnicos que comparten oficina ou investigadores na biblioteca.



vi-



2. Canto tempo persiste a Covid-19 nas superficies?

O virus está envolto nunha membrana con picos de glucoproteínas. A súa dobre capa grasa degrádase cuando se seca e se expón ao ar. A información sobre a persistencia da Covid-19 está aínda desenvolvéndose e as guías actuais baséanse en investigacións previas sobre coronavirus como o SARS. Neste atopouse unha perda de efectividade despois de seis días e quedou practicamente inefectivo despois de nove días a temperatura ambiente.

Porén, estes datos poden cambiar na medida que se estude o comportamento da Covid-19. A persistencia do virus pode variar segundo as características da superficie dos bens e a presenza doutros contaminantes (como por exemplo, o po). Tende a durar mais e transmitirse mais facilmente en superficies lisas como as dos metais e plásticos duros que sobre superficies porosas como papel e tecidos.



Colección de indumentaria na sala de reserva. En condicións normais, os tecidos están gardados, pechados en dispositivos ignífugos. Este fondo non está accesible ao público, so a persoal investigador. A posible incidencia do virus é mínima

Abaixo, sala de exposición temporal con pezas de ferro pertencentes a un taller de encadernación. A sala é a entrada natural das visitas ao museo. Unha vez aberta ao público a institución, débese facer especial fincapé en que as visitas non toquen as pezas, polo que habería que reforzar o labor de vixilancia neste sentido.





3. Canto tempo persiste o coronavirus no ambiente?

Estudios sobre a Covid-19 e outros virus similares indican que as condicións ambientais como a HR, a temperatura e a presenza de radiación UV afectan a súa persistencia en superficies e os efectos son complexos, xa que sabemos que as probas en laboratorio non están medidas cos mesmos parámetros que nas salas onde hai bens patrimoniais, mais podemos facer unhas observacións xenéricas:

- temperaturas (medidas en laboratorio) ao redor de 46°C manteñen o virus, namentras que temperaturas altas, como 60°C ou maiores fan que perda rápidamente virulencia. A contaminación obsérvase en salas frías ou aínda en cámaras de conxelación.
- baixa HR (20 ou 30%) que é común en museos que non teñen problemas de humidade ambiental, (pero non os galegos), tamén prolonga a virulencia, pero pode reducir a transferencia superficie-superficie.
- o po, que aumenta nos ambientes secos, pode ser problemático como portador de virus
- a radiación UV aparenta reducir a presenza do virus, pero os tests realizados despois da desinfección con este sistema non son o suficientemente exitosos como para recomendala para bens culturais.



Recordemos que o Covid-19 desactívase de maneira natural fóra do corpo humano



Gráficas de HR e Tª no Museo Etnolóxico. Á esquerda, sala 1 _ exposición de Olería. A temperatura é estable, sobre 18°C e a HR móvese no rango dos 50 aos 65%. Na segunda gráfica, da sala de reserva, os datos son máis oscilantes, notándose unha baixa Tª e unha HR máis alta

Ante unha situación de contaminación ambiental por Covid-19, na sala de exposición sería suficiente coa ventilación periódica de mesma. Todos os obxectos patrimoniais entán dentro de vitrinas, polo que se evitaría o contaxio por contacto. As visitas portarían en calquera caso máscara. Recordemos que os espazos con bens culturais NON SE DESINFECTAN.

Na sala de reserva, os obxectos están ocupando dispositivos de almacenamento. A HR é bastante alta, polo que afectaría á virulencia do virus, que diminuíría. Esta sala non é visitable, e as persoas que traballan alí deberían de portar Epis adecuadas. Ante contaminación por virus, pódense desinfectar oficinas, chan e espazos sen colección na sala de reserva.

4. As coleccións e os bens culturais deberían ser desinfectadas debido á Covid-19?

Non é recomendable desinfectar as coleccións patrimoniais. As solucións que se empregan para desinfectar conteñen alcohol, lixivia e outros tipos de químicos que poden danar moitas das superficies dos bens culturais. Aínda que algunhas solucións poidan ser apropiadas para algúns materiais, como por exemplo, a solución de 70% de etanol nalgúns superficies de metal, o seu uso inapropiado pode producir danos permanentes e aínda non ser válido como desinfectante. Sempre débese consultar a unha persoa profesional antes de facer ningún tratamento deste tipo.


No lugar disto, recoméndase a cuarentena das coleccións. Se hai risco de transmisión do virus á xente por obxectos contaminados débese esperar ata que se desactive de maneira natural nas superficies antes de manipular os obxectos ou reanudar operacións con eles ata que pasen entre 6 a 9 días.

Limpar con solucións suaves de deterxentes seguido de neutralizacións pode ser un método apropiado para superficies de bens culturais que non son tratados con frecuencia e tamén para coleccións didácticas, que son moi manipuladas. Pero veremos que *limpar* no é *desinfectar*



Sala de reserva do museo Etnolóxico. Zona reservada a cuarentena para pezas de novo ingreso ou con ataque biolóxico. Esta zona pódese dedicar tamén a obxectos contaminados por Covid-19.

A pezas deben permanecer un tempo non inferior a nove días sen manipular e convenientemente identificadas.



Abaixo, zona da sala de reserva, cercana á sala de cuarentena, onde se fan os tratamentos por anoxia.

Non sería necesario someter a unha anoxia ás pezas contaminadas por covid-19, pero a imaxe ilustra espazos e tratamentos que compartirían situacións de illamento de fondos, tanto para ataque biolóxico como para contaminación por virus.



5. Os desinfectantes de mans poderían ser usados por persoas que manipulan bens patrimoniais?

Lavarse as mans ou usar un desinfectante é altamente recomendable para reducir a transferencia da Covid-19. O lavado de mans con auga e xabón antes de manipular obxectos e documentos é unha alternativa aceptable alí onde as luvas poden non ser apropiadas. Os desinfectantes de man son unha forma alternativa de reducir a transmisión da enfermidade e foron aprobados como uso xeral contra a Covid-19 polos gobernos. Algunhas institucións poden prover de desinfectantes á súa plantilla e visitas, particularmente durante situacións de pandemia.

Os desinfectantes de man poden deixar resíduos en obxectos e documentos que poderían eventualmente danar algúns materiais.

Lavar as mans ou usar luvas desbotables pode ser a mellor opción para quen manipula as coleccións directamente. Se se usan luvas de algodón hai que gardalas nun contedor pechado despois de cada uso e lavalas con auga quente antes de reusalas.



Museo Etnolóxico: Á esquerda, manipulando un cliché de cámara fotográfica de principios do s.XX. Á dereita, revisando un antigo catálogo de cadaleitos

O persoal técnico que traballa directamente cos bens culturais no museo manipula normalmente os obxectos con luvas de algodón, de latex ou de nitrilo. O uso deste tipo de material de protección está dispoñible para o persoal que precisa mostrar os bens, examinalos, medilos ou fotografalos. Esta é unha medida estandarizada no centro, polo que en tempos de Covid-19 non será difícil mantela.

DESINFECCIÓN DE COLECCIÓN E DE INSTALACIÓN CULTURAIS

6. Unha persoa infectada con Covid-19 estivo traballando no noso espazo. Que debemos facer?

En primeiro lugar, seguir as guías do Ministerio ou da Consellería de Sanidade para persoas que estiveron en contacto con infectadas/os ou compartiron espazos con elas. Despois, seguir esas mesmas guías para limpeza e desinfección dos espazos contaminados [non superficies dos bens culturais] que foron tocadas ou aos que tivo acceso a persoa infectada. Repitamos: non é recomendable desinfectar as superficies dos bens culturais, so as superficies comúns.

Pódese empezar por pechar as áreas que foron usadas pola persoa infectada e incrementar a circulación de ar. Logo, limpar e desinfectar e esperar alomenos 24 horas para permitir que os aerosoles se depositen sobre as superficies.

O primeiro paso, a limpeza, remove o pó e a carga de virus e bacterias nas superficies o que fará a desinfección mais efectiva. Polo tanto, limpar permite supoñer algunha protección. Desinfectar a miúdo supón a aplicación dunha solución que desactiva algún patóxeno que permanece despois da limpeza. Para elo, hai que levar equipos de protección persoal para protexerse do desinfectante igual que do virus.

Se xa pasaron mais de sete días desde que a persoa infectada estivo no edificio non se require limpeza nin desinfección adicional. Se nos preocupa o uso de desinfectantes no espazo da colección a alternativa pode ser formular unha cuarentena no espazo completo dunha semana a nove días.

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCovChina/img/COVID19_que_hago_si_conozco_alguien_con_sintomas.jpg

<https://coronavirus.sergas.gal/>

https://ipce.culturaydeporte.gob.es/dam/jcr:3cf1e6b5-1925-440d-a514-3c60f1edad9/anexo_recomendaciones-ipce-patrimonio-covid-19--1-.pdf

<https://ipce.culturaydeporte.gob.es/dam/jcr:06023f3c-dc90-403d-b04d-111bd2c381dd/nota-de-alerta-sobre-el-patrimonio-cultural-dgbbaa-13-abril-2020--1-.pdf>



7. Que desinfectantes son apropiados para as superficies non patrimoniais nas instalacións e nos interiores das institucións culturais? Parte I.

Poden usarse moitos desinfectantes nas áreas das institucións culturais onde non hai coleccións. Se se ten pensado usar un produto doméstico ou comercial, primeiro hai que comprobar que foi aprobado para o seu uso contra a Covid-19. O goberno de España pon un listado a disposición das persoas usuarias.

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCovChina/documentos/Listado_virucidas.pdf



MINISTERIO
DE SANIDAD

SECRETARÍA GENERAL DE
SANIDAD

DIRECCIÓN GENERAL DE
SALUD PÚBLICA, CALIDAD
E INNOVACIÓN

SUBDIRECCIÓN GENERAL
DE SANIDAD AMBIENTAL Y
SALUD LABORAL

Nombre Comercial	Número de Registro	Sustancia Activa	Usuario	Forma de aplicación	Registro Nacional/Europeo
			-Personal profesional especializado	• Desinfección aérea: Nebulización con el producto diluido en agua.	
SANITAS PROCSAN	17-20/40/90-05489	Cloruro de didecildimetil amonio: 6.9%	-Personal profesional	• Desinfección de contacto: Superficies y equipos por pulverización, inmersión o cepillado del producto diluido en agua.	Nacional
DESINFECTANTE CONEJO	18-20/40/90-05710	Hipoclorito sódico (cloro activo): 4.2%	-Público en general y personal profesional	• Desinfección de contacto: superficies y equipos mediante lavado, rociado, bayeta o fregona e inmersión con el producto diluido en agua, respetando los tiempos de contacto	Nacional
LONZAGARD DR 25 aN	12-20/40/90-06238	Cloruro de didecil dimetil amonio: 7.2%	-Personal profesional	• Desinfección de contacto: Lavado de las superficies con producto previamente diluido en agua.	Nacional
SANYTOL DESINFECTANTE HOGAR Y TEJIDOS	17-20/40/90-06255	Bifenil-2-ol: 0.4%, Etanol: 30.6%	-Público en general	• Desinfección de contacto: superficies y tejidos, mediante pulverización del producto a unos 25 cm de distancia.	Nacional

Para que o desinfectante sexa efectivo, débense seguir as instrucións do fabricante para o seu uso e aplicación. En primeiro lugar, hai que atopar un desinfectante que sexa compatible coas superficies considerando as interaccións químicas e os tempos de contacto, que dependen da concentración e do tipo de principio activo. Debemos pensar tanto na natureza do material como no acabado da superficie e non sería mala idea facer unha proba nunha pequena área antes de aplicar a toda a superficie un novo produto. Unha vez que se escolle o desinfectante hai que seguir todos os pasos para a súa aplicación, despois do tempo de contacto requirido, neutralizar como se indica nas instrucións.

Hai que recordar que estes produtos son apropiados para espazos sen colección, (billeiteiras, mostradores, cafeterías, oficinas). Necesitamos ter moito coidado coas coleccións das institucións culturais.

8. Poden os espazos de traballo desinfectarse de maneira segura?


Si, é posible desinfectar dunha maneira segura os espazos de traballo sen bens culturais. Superficies das mesas, estanterías ou escritorios que se usan para traballar con obxectos das coleccións o con documentos de arquivo de xeito continuado necesitan ser limpados e desinfectados regularmente.

As superficies duras son as mais doadas de desinfectar, tamén nas que o virus persiste mais tempo e onde hai unha concentración mais alta de transferencia.

Os compoñentes dos desinfectantes e os seus métodos de aplicación como humectar, nebulizar ou pasar un pano deben compatibilizar coas superficies onde van ser aplicados, testando, en primeiro lugar, para comprobar os efectos dunha sobre-diseminación ou goteo cerca espazos patrimoniais

Limpar e desinfectar non debería deixar residuos potencialmente perigosos sobre superficies como mesas de lectura ou andeis de dispositivos de almacenaxe que poideran estar en contacto cos bens culturais.

Aínda que os produtos comerciais se poidan usar, os efectos dos aditivos e colorantes dalgúns disolventes poden ser problemáticos. Hai que asegurarse de que se seguen as instrucións de neutralización, que son normalmente pasar un pano con auga limpa despois do tempo de contacto requirido. A forma mais fácil de evitar residuos é usar solucións simples que se poden preparar no domicilio.



A dereita, espazo de traballo para persoal técnico: mesa, cadeira e equipos electrónicos precisan desinfección diaria.

Á esquerda, parte do taller de restauración, onde o tratamento con bens culturais obriga a ser mais coidadosos co uso dos químicos. Neste caso, cómpre limpeza diaria de superficies de traballo.

9. Que desinfectantes son apropiados para as superficies non patrimoniais nas instalacións e nos interiores das institucións culturais? Parte II.

A solución de *lixivia* doméstica é unha boa opción, posto que véndese con menos do 5% de hipoclorito de sodio.



Lixivia doméstica: cando non se indica a porcentaxe no envase ou se indica aproximada, a concentración adecuada é de 20ml en 1000ml de auga. (para máis exactitude, consultar a táboa debaixo)

Para desinfectar superficies contra a Covid-19 é necesaria unha solución de alomenos unha concentración do 0,1 % de hipoclorito de sodio aplicado durante un minuto. Isto é: 20 ml de lixivia por litro (en 1000 ml de auga) ou-5 ml en 250 ml de auga.

Solucións que van en concentracións máis altas, do 0,5 ao 1% poden considerarse cando os tempos contacto necesitan ser máis cortos, como por exemplo, 30 segundos. Tense que evitar o uso de lixivia concentrada porque libera residuos de cloruro de sodio na superficie que poden danar algúns materiais, como os metais.

O uso de lixivia require boa ventilación, luvas e lentes protectoras e nunca debe misturarse con outros desinfectantes nin limpadores.

ml del pulverizador	ml de lejía al 4%	ml de agua que incluir	ml de lejía al 5%	ml de agua que incluir
50	1,25	48,75	1	49
100	2,5	97,5	2	98
200	5	195	4	196
500	12,5	487,5	10	490
1000	25	975	20	980

ml del pulverizador	ml de lejía al 9%	ml de agua que incluir	ml de lejía al 10%	ml de agua que incluir
50	0,55	49,45	0,5	49,5
100	1,1	98,9	1	99
200	2,2	197,8	2	198
500	5,5	494,5	5	495
1000	11,1	988,9	10	990

Para preparar a dilución séguense os seguintes pasos:

1. Comprobar o volume do noso pulverizador (100 ml, 200 ml, 500 ml, 1 litro).
 2. Débese coñecer a concentración da lixivia en %.
 3. Buscar na táboa o volume de lixivia para a concentración concreta.
 4. Botalo no pulverizador valeiro
 5. Encher con auga ata o volume final (100 ml, 200 ml, 500 ml, 1 litro).
- Débese preparar cada día. Aconséllase poñer a data no pulverizador.

<https://www.diariolibre.com/actualidad/salud/como-preparar-la-dilucion-de-lejia-cloro-para-desinfectar-superficies-NN17834548>

10. Que desinfectantes son apropiados para as superficies non patrimoniais nas instalacións e nos interiores das institucións culturais? Parte III

As *solucións de alcohol* en auga son outra opción sempre e cando a concentración de alcohol esté por encima do 70% por volume. Pode usarse alcohol etílico (*ethanol*) ou alcohol isopropílico (*rubbing alcohol*). A potencia do alcohol isopropílico vendido nas farmacias é normalmente do 70% ou do 90%. Un isopropílico ao 90% pódese diluír en auga para ampliar o uso. O etanol de alta concentración (etanol puro ou *grain alcohol*), que se vende nalgunhas tendas de produtos químicos necesita estar polo menos nun 70% de concentración para ser efectivo.

Hai que evitar e ter moito coidado co alcohol desnaturalizado que se vende en grandes tendas de bricolaxe ou ferreterías, porque os elementos desnaturalizadores, o metanol ou a butanona, son moito mais dañinos para a saúde humana que o etanol só.

Os tempos de contacto de 30 segundos aparentan ser efectivos contra os coronavirus. Os alcoholes están recomendados para a limpeza de superficies electrónicas polos CDC (Centros para o control e prevención de enfermidades). Non obstante, é necesaria moita precaución se se necesita desinfectar superficies de acrílico ou plexiglás porque poden craquelarse e o uso de alcoholes deben evitarse en superficies con acabados de madeira porque son moi sensibles ao alcohol.

<https://espanol.cdc.gov/coronavirus/2019-ncov/prevent-getting-sick/cleaning-disinfection.html>

<https://www.comunidad.madrid/servicios/salud/desinfeccion-superficies-espacios-coronavirus>



Á dereita, espazo para traballar con documentación gráfica no museo Etnolóxico onde hai varios postos con escáner e ordenadores. Á esquerda alcohol comercial. Una dilución deste alcohol, (70 ml de alcohol e 30 ml de auga nun dispensador de 100 ml) é apta para desinfectar superficies. Aconséllase utilizar alcohol isopropílico para aparatos electrónicos.

Recordar que os xeles hidroalcohólicos son unha alternativa para a desinfección de mans cando non hai acceso á auga e xabón. Non se deben limpar superficies con xeles hidroalcohólicos posto que levan aditivos na súa composición que son difíciles de retirar.

11. Deberíanse retirar os obxectos patrimoniais, como obras de arte, bens arqueolóxicos, etnográficos ou documentos, das salas que necesitan ser desinfectadas?

Retirar os obxectos culturais da súa localización debido á preocupación pola Covid-19 non é recomendable na maior parte dos casos. Manipular e transportar obxectos das coleccións implica os seus propios riscos e os mesmos obxectos poderían potencialmente ser contaminados; as persoas que se ocupan da colección tamén poderían expoñerse á infección e ademais, algunhas estruturas do interior das institucións non poderían moverse de ningún modo.

O illamento de espazos cos obxectos da colección ou mobiliario durante unha semana a nove días seguido dunha limpeza regular é o método preferido para controlar a expansión viral. Se se necesitara o acceso a algún espazo mais rápido, requiriríase illalo 24 horas para permitir que os aerosois desinfectantes se depositaran e logo, limpar e desinfectar as superficies tocadas frecuentemente pero NON as patrimoniais, usando métodos de aplicación que se podan controlar ben.

Suxírese tamén a limpeza diaria do mobiliario da institución que é probable que sexa moi manipulado, como os pasamáns e os pomos, instruindo ao persoal de limpeza que teña coidado ao traballar ao redor do material patrimonial e que consulte con un conservador antes de desinfectar.



Nunha institución que custodia patrimonio é significativo que unha inadecuada manipulación dos obxectos sexa a principal causa de danos e alteración dos mesmos, principalmente durante un traslado. Mobilizar a colección do museo Etnolóxico require normalmente de accións programadas adaptadas a problemas específicos como son a determinación de dimensións, peso e forma das pezas, o deseño de rutas para os accesos, o persoal necesario e establecer os protocolos de movemento (mover os obxectos de un en un, o uso de luvas de protección, emplear as dúas mans ou contar con medios auxiliares). Estes procedementos son moi complicados cando o efecto da ameaza de contaminación das coleccións pola Covid_19 pode invalidarse cun adecuado illamento. 



Na colección de tecidos do museo, o risco de contaminación por coronavirus sería menor que o que debería soportar a indumentaria se tivera que someterse aos procesos de embalaxe individual que serían exixidos para o movemento deste tipo de fondos. 

CAP. 3. FACÉNDOLLE FRONTE AO PECHE E Á APERTURA


12. Como podemos asegurar que as coleccións permanecen seguras cando a institución está pechada indefinidamente con pouco ou ningún persoal técnico no seu posto? Parte I. [Seguridade]

Moitos cuidados de conservación preventiva das coleccións dependen da presenza regular de personal técnico e de seguridade. Cando esta presenza vese interrompida, poden incrementarse algúns riscos sobre as coleccións e outros poden ser mais intensos. Que podemos facer?

En primeiro lugar, *manter a seguridade*.

Unha boa seguridade é vital durante un periodo de tempo largo de peche. Os delincuentes poden aproveitarse da redución da presenza do cadro de persoal e de situacións de incertidume económica. Débense seguir as seguintes pautas:

- verificar que os protocolos de seguridade e os sistemas de monitorización mantéñense.
- confirmar que portas e ventás do edificio están pechadas con chave e que os sistemas de detección de intrusos e de lume funcionan adecuadamente
- asegurar non só os obxectos da colección senón tamén cousas valiosas, como a caixa dos cartos, ordenadores, portátiles e outros equipos electrónicos que poden ser atractivos.
- protexer documentos importantes, asegurando que oficinas e despachos permanecen ordenados e que a información sensible está fóra
- ...e por suposto, asegurar a colección: identificar os artefactos que podan ser vulnerables ao roubo nas salas de exposición e nos espazos de traballo e considerar devolvelos á sala de reserva se isto é mais seguro
- manter unha presenza regular no lugar e no perímetro exterior, chequeándoo diariamente, se é posible, para identificar problemas e iniciar accións correctivas rapidamente
- mostrar que o edificio está sendo monitorizado
- documentar todas as entradas ás instalacións



Museo Etnoloxico. Á dereita, zona de monitorización das salas, tanto de exposicións como de traballo e de investigación. As cámaras permanecen acesas todo o día, tamén durante o confinamento pola Covid-19

Á esquerda, aplicación para móbiles desde onde se controlan todas as salas do museo, incluídas ás de reserva.

13. Como podemos asegurar que as coleccións permanecen seguras cando a institución está pechada indefinidamente con pouco ou ningún persoal técnico no seu posto? Parte II. [Iluminación e condicións medioambientais]

Seguimos coas pautas de mantemento do edificio e as coleccións.

Apagar ou bloquear as luces nas salas de exposicións é o que facemos cada día cando pechamos o museo, polo tanto, podemos revisar se os procedementos normais son suficientes neste contexto. Entón, podemos proceder a bloquear todas as luces nas salas de exposición agás as que sexan necesarias por cuestións de seguridade



Exposición “Seguindo o fio”. As luces das salas permanecen apagadas se non hai persoal e acéndense con sensores presenciais. Á dereita “arquivo sucio” de material fotográfico. Esta sala de reserva está aclimatada coa axuda dun deshumidificador que se enche cada dous días en temporada de inverno. O persoal de vixilancia encárgase do valeirado.

Xestionar as condicións medioambientais.

Diminuír a tasa de intercambio de ar cando sabemos que hai menos xente podería aportarnos un ambiente mais estable e menos pulverulento nos espazos con coleccións, non obstante, os expertos en sistemas de climatización suxiren (para os espazos de traballo cando o persoal está presente de maneira regular) incrementar a ventilación do ar exterior e un uso menor do ar que circula dentro. En edificios novos, estes sistemas poderían ser monitorizados e axustados en remoto.

Se se usa equipamento portátil, como deshumidificadores, para manter as condicións ambientais, hai que dotalos de mantemento continuo ou considerar apagalos, en particular, se son propensos a funcionar mal ou a producir goteos.

Consideraremos diminuír o punto de axuste da temperatura uns poucos grados se se pode facer sen incrementar o risco de formación de fungos. Unha temperatura mais baixa ralentiza as taxas de degradación, reduce a actividade de pragas e aforra o custo de calefacción, pero se existe preocupación polos mofos hai que asegurar unha adecuada ventilación.

14. Como podemos asegurar que as coleccións permanecen seguras cando a institución está pechada indefinidamente con pouco ou ningún persoal técnico no seu posto?.

[Pragas e vixilancia]


Reducindo os riscos de pragas.

A presenza de pragas pode ser especialmente preocupante cando os problemas crónicos non foron monitorizados rigurosamente. Normas a seguir

- Retirar a comida que poda haber nas oficinas, máquinas de café ou de petiscos, a non ser que estean gardadas en lugares seguros, refrixerados ou conxelados, para frear aos roedores.
- Remover os residuos orgánicos e o lixo a contedores no exterior do edificio
- Repoñer trampas adhesivas antes do peche e a partir de aí, mensualmente. Se as inspeccións in situ son posibles permitirán monitorizar a actividade dos insectos durante o peche pero tamén se retirarán insectos mortos que podan atraer certas pragas. Dado que algunhas infestacións son comúns en primavera, planear a resposta por adiantado.

Inspeccionar e manter o edificio. 

- Revisar as tarefas de mantemento ademais de chequear o lugar e o perímetro.
- Xestionar inspeccións regulares dentro do edificio e prestar atención especial ás áreas preocupantes como as propensas a filtracións, particularmente despois dun forte chaparrón. É recomendable unha lista de verificación se o persoal non técnico é o responsable das inspeccións.
- Proporcionar entrenamiento virtual sobre o coidado de coleccións, remarcando cuestións chave que deberían buscar ou establecer un sistema para consulta e información en remoto.



Á dereita, as trampas adhesivas recollen moitas clases de seres vivos. Á esquerda, unha empresa de seguridade completa o escaso cadro de persoal de vixilancia na institución.

15. Que fariamos se a nosa institución sofre outro tipo de emerxencia, como lume ou inundación, que poida danar a colección namentres estamos pechados?

Como en calquera outra ocasión, unha rápida resposta pode limitar o dano das coleccións e mellorar a recuperación. Pero o desafío será maior durante a pandemia da Covid-19: a regulación local pode impedir ás reunións de grupos de xente que neste caso serían necesarias para responder rápida e efektivamente; o cadro de persoal pode estar enfermo, illado ou despedido e os equipos de protección temporal requiridos polas persoas socorristas poden haber sido doados a hospitais do entorno.

Algunhas medidas para reducir a probabilidade ou as consecuencias negativas da emerxencia poderían ser:

- inspeccionar regularmente para detectar de maneira precoz posibles emerxencias
- apagar e desenchufar o equipamento eléctrico non esencial
- cubrir as coleccións con láminas de plástico en áreas propensas ás filtracións
- valeirar tuberías se hai risco de conxelamento
- para institucións en zonas predispostas a inundacións primaverais suxírese mover as coleccións a unha planta mais alta o tempo que dure o risco



Arriba á esquerda, localización da sala de reserva do Museo Etnolóxico cerca do río Avia.
Á dereita e abaixo, interior do depósito. Ás pezas están paletizadas para facilitar o seu desprazamento e tamén é unha medida de seguridade telas elevadas do chan para casos de emerxencia por inundación.

- anímase ás institucións a revisar e actualizar os plans de emerxencia e discutir as opcións para a resposta a través de conferencias en liña, correo electrónico ou chat usando sinxelos exercicios de simulación
- o entrenamiento básico pode ser esencial se hai que incorporar novas persoas ao equipo de emerxencia
- se o plan depende de materiais e equipos de seguridade ou de servizos externos comprobar que continúan dispoñibles
- contactar coa compañía de seguros para saber cómo o peche pode afectar á cobertura
- documentar a resposta á pandemia porque isto podería ser útil en similares situacións futuras.

No caso de que a emerxencia ocorra, executar a resposta o mellor que se poida:

- informar ás autoridades locais da necesidade de axuda
- solicitar guías para traballar en condicións seguras
- usar métodos para gañar tempo, como facerse con materiais absorbentes de auga sempre que sexa posible
- ter un coidado especial coas persoas socorristas dado que o seu alto nivel de estrés e a súa fatiga pode aumentar a posibilidade de infección.

16. Necesitamos limpar e desinfectar o edificio cando se produza a apertura?

Dada a preocupación pública e a posible reaparición do virus, establecer un bo protocolo de limpeza e desinfección é prudente na reapertura, aínda que a persistencia do virus no edificio é improbable debido ao peche.

Débense seguir as guías de saúde pública para limpar espazos comúns; os procedementos de limpeza normal combinados con desinfeccións de superficies frecuentemente tocadas [NON superficies con bens patrimoniais] deberían ser suficientes debido ao baixo tráfico nos espazos expositivos.

Se o edificio estivo pechado durante algún tempo sen inspeccións internas hai que contar cun tempo extra antes de abrir ao público para facer as inspeccións e a limpeza ademais dalgunha reparación necesaria e tratar pragas e fungos se as infestacións están presentes.



Museo Etnológico. Á esquerda, espazo expositivo que non precisa de desinfección, pero si de limpeza diaria. Á dereita, acceso ao espazo de uso común e de investigación da biblioteca. A baranda é unha superficie moi tocada, polo que cómpre ser desinfectada con regularidade.

17. Cal é o protocolo apropiado para recibir os fondos que entran cando se reabre?

Durante o peche institucional, o retraso na volta de fondos e a extensión nos préstamos minimizará o risco nos artefactos e nas persoas por igual.

Incluso despois da reapertura, o illamento dos materiais que entran, como libros da biblioteca, obxectos prestados, espécimes de historia natural ou novas adquisicións, é unha medida de protección prudente para darlle tempo a que calquera posible contaminación viral se degrade de forma natural. A aplicación de calquera químico desinfectante nos obxectos da colección NON é recomendable porque como foi anteriormente mencionado, o illamento dunha semana a nove días nunha habitación a temperatura ambiente é a suxerencia conservadora para as pezas

Manexar os materiais que entran require unha habitación temporal de illamento ou polo menos, unha sección separada, dependendo da cantidade de espazo que se teña dispoñible.



Obxectos preparados para illamento, identificando a súa localización. Os contedores de plástico deben ser desinfectados antes da súa reutilización.

Hai que recibir os materiais entrantes levando equipos de protección persoal, polo menos luvas, e desenvolver un método de seguimento cando as pezas vaian ser illadas e cando estén listas para moverse.

Dependendo das limitacións do espazo e dos requirimentos dos materiais, as pezas poden ser desembaladas antes ou quedarse como veñen, tendo en conta que menos desembalaxe e polo tanto, menos manipulación, minimiza a exposición do persoal tanto para desfacerse de maneira segura do material indesexado como para gardar os materiais de embalaxe baixo illamento antes de reusalos.

As superficies duras dos contedores de plástico poden ser limpadas e desinfectadas.

Débese coidar a saúde humana en cada etapa anterior.

18. Cando teña lugar a apertura, deberíamos cambiar a forma en cómo tratamos os obxectos e documentos da colección que son manexados a miúdo por investigadores e polo persoal?

Durante unha pandemia, a transmisión da infección podería estar relacionada co uso da biblioteca, dos arquivos e dos estudos das coleccións didácticas. Moitos deses usos foron probablemente suspendidos, pero o risco de rebrote pode aparecer cuando as institucións reabran para un normal funcionamento. Pode ser prudente modificar os protocolos para incorporar un período de illamento entre cada uso dun ítem da colección como unha medida temporal. Como funcionaría isto?

-Despois de cada uso, illar cada ítem por un período de tempo apropiado nunha zona designada e cunha notificación de cuarentena



Museo Etnolóxico: Arriba, espazo para cuarentena. No exterior do armario compacto, o persoal anota o obxecto, a localización e o período de cuarentena..

Abaixo, a biblioteca. Os libros de uso frecuente por unha mesma persoa son gardados en bolsas de polietileno ata que a consulta remata

Resumo

Os puntos chave que temos que recordar namentres nos enfrentamos coa Covid-19 son:



1. Protexer á persoa.

Seguir o consello das autoridades en saúde pública, incluíndo a práctica do distanciamento físico. Se non se está preparado, considerar seriamente pechar a institución, aínda que non sexa requirido. Cando se reabra, seguir o consello das autoridades sanitarias para establecer que actividades son apropiadas e cómo protexer ao cadro de persoal e visitas, particularmente cando o rebrote sexa unha posibilidade.

Zona de recepción de visitas



2. Usar o illamento para prevenir ou facerlle fronte á contaminación dos espazos da colección e os obxectos sempre que sexa posible. O virus desactivarase de forma natural entre seis e nove días. Noutro lado, as solucións desinfectantes danarán moitos materiais patrimoniais.

Exposición temporal preparada para. illamento



3. Usar métodos que permitan as *aplicacións controladas* de solucións de limpeza e desinfección para superficies non patrimoniais, se isto fora requirido. Non esquecer que os desinfectantes escollidos deben estar aprobados polas autoridades sanitarias públicas

Limpeza na área de reserva



4. Se a institución necesita *pechar indefinidamente*, debe facelo de maneira que proporcione unha adecuada seguridade, protección contra lume, xestión de pragas e control ambiental, implementando as inspeccións regulares do exterior e do interior se é posible, incluíndo os espazos da colección e considerando por adiantado a resposta se se produciran outros tipos de emerxencias como lume ou filtracións de auga.

O cadro de persoal de seguridade fai percorridos de control polas instalacións do museo.